

PROCEDEMENTO DE400C
Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta
Competición Femininos de 1º e 2º
Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

<u>1. Antecedentes.....</u>	<u>3</u>
<u>2. Identificación dos destinatarios.....</u>	<u>4</u>
<u>3. Dotación orzamentaria.....</u>	<u>5</u>
<u>4. Tramitación e prestacións: convenios de patrocinio.....</u>	<u>6</u>
<u>5. Vixencia dos patrocinios.....</u>	<u>8</u>
<u>6. Documentación a presentar polas Entidades.....</u>	<u>8</u>
<u>7. Prazo de presentación.....</u>	<u>10</u>
<u>8. Emenda de erros.....</u>	<u>10</u>
<u>9. Notificacións.....</u>	<u>10</u>
<u>10. Trámites posteriores á presentación de solicitudes.....</u>	<u>11</u>
<u>11. Transparencia e bo goberno.....</u>	<u>11</u>
<u>12. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.....</u>	<u>11</u>
<u>13. Resolución do patrocinio.....</u>	<u>15</u>
<u>14. Aceptación do patrocinio.....</u>	<u>15</u>
<u>15. Formalización do patrocinio.....</u>	<u>15</u>
<u>16. Fórmula de pago.....</u>	<u>15</u>
<u>17. Penalizacións.....</u>	<u>16</u>
<u>18. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.....</u>	<u>17</u>
<u>19. Actuacións de control por parte da Fundación.....</u>	<u>18</u>

1. Antecedentes

A Fundación Deporte Galego é unha entidade de natureza fundacional do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrita ao Protectorado da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Conforme aos seus Estatutos, a Fundación ten por obxecto a promoción e incentivo do deporte e da práctica deportiva en Galicia, en cuxa consecución está capacitada para a realización directa de actuacións e programas, ou en colaboración con institucións e empresas, tanto públicas como privadas.

Entre os seus fins, a Fundación asume:

- O fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia. Artigo 6.c)
- Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as. Artigo 6.e).
- Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins. Artigo 6.f)

Na consecución destes obxectivos fundacionais, a Fundación pon en marcha a II Edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de Máximo nivel Estatal de Galicia, neste caso, para o exercicio 2021 co código de procedemento DE400C.

O 19 de maio de 2021 asinouse o acordo de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte, para desenvolver medidas previstas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. En dito acordo acordáronse o desenvolvemento de campañas específicas contra a violencia de xénero e a igualdade entre mulleres e homes en espazos deportivos, que deben ser desenvoltas pola Fundación Deporte Galego. A estes efectos, na loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes, e tendo en conta tamén o impacto destes clubs nos medios de comunicación, nos espazos deportivos, e nas redes sociais, e, en particular, respecto das nenas e nenos, adolescentes e mocidade, que son destinatarios principais das medidas do Pacto de estado contra a violencia de xénero, a Fundación Deporte Galego co apoio da Consellería de Emprego e Igualdade pon en marcha a II edición do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de Máximo nivel Estatal de Galicia 2021.

Os obxectivos deste Plan son, en consecuencia, os de prevención e sensibilización fronte a violencia de xénero e a loita pola igualdade efectiva entre mulleres e homes, configurándose a Consellería de Emprego e Igualdade como patrocinador oficial do plan xunto á Fundación Deporte Galego. O plan comprenderá o tempo que resta do ano 2021 e implicará transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida, entendendo esta actuación como un medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe a todas as persoas.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

O plan contempla as actuacións que os clubs beneficiarios do plan se comprometen a realizar para colaborar coa Fundación Deporte Galego e a Consellería de Emprego e Igualdade na difusión das campañas específicas en contra da violencia de xénero e a favor da igualdade así como os importes a percibir polos clubs en función das características propias das competicións estatais de 1º ou 2º máximo nivel nas que participan. Atendendo ás actividades a realizar así como ao importes dos patrocinios, a actividade debe cualificarse como actividade de patrocinio (DA 4ª da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia), polo que se instrumentará mediante a formalización do correspondente convenio con cada clube beneficiario.

Grazas á implicación e compromiso da Consellería de Emprego e Igualdade, todos os equipos obxecto desta actividade de patrocinio demostrarán que o DEPORTE GALEGO é un escaparate perfecto para poñer en valor a importancia do deporte como medio de fomento da actividade física saudable e como ferramenta de loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida.

2. Identificación dos destinatarios.

Atendendo ao obxecto do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de Máximo nivel Estatal de Galicia, son obxecto deste Plan de Patrocinio aquelas entidades deportivas galegas con rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte que na tempada 2020/2021 contaron ou contan con equipos deportivos que participaron ou participan en competicións femininas de 1º ou 2º máximo nivel estatal e que cumpren cos seguintes requisitos:

- Estar estrutura por niveis regulados con ascensos e/ou descensos.
- Desenvolverse en 7 ou máis xornadas.
- Con xornadas de ida e volta ou con xornadas como local e visitante.
- Deben de participar no espazo de competición de forma simultánea 5 ou máis integrantes do mesmo equipo regulamentariamente.
- No caso do 2º máximo nivel, ser de modalidade/especialidade olímpica/paralímpica.

De ser o caso, aquelas entidades que contan con máis dun equipo nas competicións obxecto do Plan, sempre e cando se produza en modalidades deportivas diferentes, poderán subscribir tantos convenios coma equipos teñan comprendidos no ámbito do mesmo.

De acordo con estes criterios e a través dunha certificación aportada previamente á formalización deste plan polas correspondentes federacións deportivas galegas/españolas ou entidades organizadoras das competicións, os equipos identificados como posibles patrocinados deste Plan son os seguintes:

MODALIDADE/ ESPECIALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL/ CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
BALONCESTO	ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO	1º FEMININO	LUGO	LUGO
BALONCESTO	CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL	2º FEMININO	NARÓN	A CORUÑA
BALONCESTO	CLUB DEPORTIVO BOSCO	2º FEMININO	VIGO	PONTEVEDRA

PROCEDEMENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

MODALIDADE/ ESPECIALIDADE	RAZÓN SOCIAL	NIVEL/ CARÁCTER	CONCELLO	PROVINCIA
BALONCESTO	AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	2º FEMININO	VILAGARCÍA DE AROUSA	PONTEVEDRA
BALONCESTO	CLUB BALONCESTO ARXIL DE PONTEVEDRA	2º FEMININO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
BALONCESTO	CLUB MARISTAS	2º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA
BALONCESTO	FUNDACIÓN EDUCACIÓN E DEPORTE DE SANTIAGO	2º FEMININO	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A CORUÑA
BALONMÁN	CLUB BALONMANO PORRIÑO	1º FEMININO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
BALONMÁN	CLUB BALONMÁN ATLÉTICO GUARDÉS	1º FEMININO	A GUARDA	PONTEVEDRA
BALONMÁN	ASOCIACIÓN DEPORTIVA CARBALLAL	2º FEMININO	VIGO	PONTEVEDRA
BALONMÁN	SOCIEDAD ATLÉTICA REDONDELA	2º FEMININO	REDONDELA	PONTEVEDRA
BALONMÁN	UNIÓN BALONMÁN LAVADORES	2º FEMININO	VIGO	PONTEVEDRA
BALONMÁN	CLUB BALONMANO PORRIÑO B	2º FEMININO	O PORRIÑO	PONTEVEDRA
BALONMÁN	ASMUBAL MEAÑO	2º FEMININO	MEAÑO	PONTEVEDRA
FÚTBOL	REAL CLUB DEPORTIVO DE LA CORUÑA S.A.D	1º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA
FÚTBOL	CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL	2º FEMININO	FRIOL	LUGO
FÚTBOL SALA	OURENSE CLUB DE FÚTBOL S.A.D.	1º FEMININO	OURENSE	OURENSE
FÚTBOL SALA	CLUB DEPORTIVO BURELA FÚTBOL SALA	1º FEMININO	BURELA	LUGO
FÚTBOL SALA	CLUB POIO FÚTBOL SALA	1º FEMININO	POIO	PONTEVEDRA
FÚTBOL SALA	CIDADE DE AS BURGAS FÚTBOL SALA	1º FEMININO	OURENSE	OURENSE
FÚTBOL SALA	CLUB VIAXES AMARELLE FS	1º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA
HOCKEY PATÍNS	H C BORBOLLA	1º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA
RUGBY	CLUB DE ARQUITECTURA TÉCNICA	1º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA
RUGBY	PONTEVEDRA RUGBY CLUB	2º FEMININO	PONTEVEDRA	PONTEVEDRA
SÓFBOL	CLUB BÉISBOL Y SÓFBOL CAMBRE	1º FEMININO	CAMBRE	A CORUÑA
VOLEIBOL	CLUB EMEVÉ	1º FEMININO	LUGO	LUGO
VOLEIBOL	CLUB INSTITUTO ZALAETA	2º FEMININO	A CORUÑA	A CORUÑA

No caso de que antes da finalización da vixencia dos convenios de patrocinio se producira a sucesión da entidade beneficiaria do convenio, trasladaranse á entidade sucesora o conxunto das obrigas e dereitos adquiridos pola primeira, subrogándose esta no conxunto de dereitos e obrigas, e sempre que cumpra e acredite a totalidade dos requisitos do Plan.

Non obstante, ámbalas dúas entidades, deberán presentar perante a Fundación un documento que acredite o acordo de sucesión das obrigas do convenio así como a conformidade por ambas partes dos importes que a Fundación deberá aboar finalmente a cada entidade.

Non poderán obter a condición de beneficiarios destes patrocinios as sociedades anónimas deportivas en que concorra algunha das circunstancias sinaladas nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Dotación orzamentaria.

O orzamento (incluído o I.V.E.) autorizado para este Plan de patrocinio ascende á cantidade de 254.100 €, contía que representa o gasto máximo a realizar pola Fundación en virtude do Plan.

PROCEDIMENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

Esta contía, en todo caso, haberá de ser reaxustada, no seu caso, con motivo dunha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

A antedita contía comprende non só o importe dos correspondentes patrocinios, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Tamén se debe entender comprendido o importe de 44.100 € do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.), que corresponde ao 21% do orzamento sen I.V.E. (210.000 €), de conformidade co disposto na lexislación vixente e sempre referido ao tipo vixente ao longo da vixencia dos convenios. Todo isto, sen perxuízo do antes sinalado en relación a unha eventual modificación do tipo impositivo do I.V.E.

Os presentes convenios serán financiados con cargo aos orzamentos da Fundación Deporte Galego para o ano 2021, e concretamente con cargo á partida orzamentaria (5. Outros Gastos), dado que no orzamento vixente para o exercicio 2021 dispónse de financiamento suficiente para os presentes convenios con cargo á partida sinalada anteriormente. O importe dos convenios está a ser financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

4. Tramitación e prestacións: convenios de patrocinio.

O Plan supón unha actividade de patrocinio realizada pola Fundación respecto dos equipos destinatarios, que deberán cumprir as obrigas de difusión da imaxe corporativa da Fundación Deporte Galego e da Consellería de Emprego e Igualdade, especificadas no plan, así como nunha colaboración dos equipos, e particularmente das persoas que conforman os equipos, nas actividades organizadas no marco do Plan.

En atención á natureza das relacións nas que se traduce, o Plan será executado a través da formalización de convenios de patrocinio cos Equipos incorporados ao Plan. Estes convenios, que a Fundación subscribirá con cada entidade deportiva, contemplarán as obrigas que os equipos patrocinados se comprometen a realizar para a Fundación Deporte Galego e para a Secretaría Xeral da Igualdade no ámbito da consecución dos obxectivos comúns da Fundación e da Secretaría Xeral da Igualdade.

4.1. Características particulares do Plan:

Este Plan estruturase nunha única liña de patrocinio con cargo á liña específica Deporte Galego e Consellería de Emprego e Igualdade: 210.000 euros máis I.V.E. Todos os equipos identificados como posibles patrocinados poderán acceder a esta liña de patrocinio se cumpren cos requisitos esixidos no apartado 2 desta memoria, podendo renunciar ou non aceptar unha vez coñecida a resolución expresa.

Soportes e accións publicitarias obrigatorias Deporte Galego e Consellería de Emprego e Igualdade:

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

As Entidades deberán incorporar os logotipos corporativos establecidos pola Fundación Deporte Galego para a promoción da imaxe das entidades patrocinadoras DEPORTE GALEGO e CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE en todas as competicións nas que participe o Equipo beneficiario desde a firma do convenio ata o fin do exercicio 2021, así como nas actividades que organice o equipo e nos seguintes soportes, sen prexuízo doutros que puidesen establecerse:

1. Acto de prensa de presentación da campaña, coa presenza da imaxe a difundir.
2. Difusión en redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram...), de contidos coa temática relativa á loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida:
 - a. Contidos facilitados pola Consellería de Emprego e Igualdade.
 - b. Contidos elaborados pola entidade coa participación da directiva, das e dos técnicas/os, das deportistas e das/os seareiras/os.
3. Un partido dedicado:
 - a. Acto de prensa de presentación previa, durante a semana do partido.
 - b. Nota de prensa previa durante a semana do partido.
 - c. Foto do equipo co roller despregable ou pancarta substitutiva aos efectos.
 - d. Se fose necesario, poñer á disposición da Fundación invitacións para colectivos asignados por esta.
4. Banner publicitario en redes sociais: en lugar preferente da web da entidade e doutros soportes nas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram...).
5. Colocación de 4 lonas de 5x1 (dúas lonas de XUNTA DE GALICIA/DEPORTE GALEGO e dúas lonas da CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE na instalación onde o equipo obxecto de patrocinio desenvolve as diferentes competicións nas que participa durante o ano 2021.

As entidades utilizarán estes soportes para colaborar nas actuacións de comunicación que realice a FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO e a CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.

De non ser posible incluír a imaxe corporativa do Plan nalgún dos soportes ou accións sinaladas anteriormente debido a limitacións regulamentarias da competición, deberá xustificarse axeitadamente e incluír a imaxe nalgún outro soporte distinto aos establecidos neste Plan. Nese caso é preciso identificar o soporte alternativo no espazo habilitado no formulario normalizado de solicitude de patrocinio (ANEXO I).

A execución destas obrigas serán asumidas, na súa totalidade, pola Entidade, de acordo co establecido entre as partes nos presentes acordos. Toda a publicidade estática, material impreso, vídeos e elementos ou activos serán producidos pola Entidade, cos contidos proporcionados pola Fundación, sendo por conta da Entidade os gastos de adaptación, produción, transporte, instalación e mantemento en perfectas condicións de percepción óptica.

En todo caso, a Entidade obrígase a:

- Actualizar os soportes e elementos onde se fixa a imaxe corporativa ao fin de que se cumpran os manuais de identidade establecidos no marco deste Plan de patrocinio.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

- Manter sempre en perfecto estado os soportes publicitarios comprometidos no correspondente patrocinio.
- Responder das consecuencias que se puideran derivar para a Fundación Deporte Galego e para a Consellería de Emprego e Igualdade da realización dos presentes convenios en condicións de ilegalidade ou de incumprimento da lexislación vixente nesta materia.

Os equipos participarán, ademais, nas actividades organizadas pola Fundación e/ou pola Consellería de Emprego e Igualdade nas campañas en contra da violencia de xénero e a favor da igualdade en espazos deportivos a realizar no ano 2021.

5. Vixencia dos patrocinios.

O prazo de vixencia de cada un dos convenios estenderase entre a data de sinatura dos mesmos e o 15 de decembro de 2021.

6. Documentación a presentar polas Entidades.

6.1. Forma de presentación.

A Fundación remitiralle un correo electrónico á entidade obxecto de patrocinio, ao email correspondente facilitado pola respectiva Federación Deportiva Galega, cursando invitación para a presentación da solicitude de patrocinio acompañando o texto da convocatoria.

A Entidade invitada a tomar parte no procedemento DE400C, presentará a solicitude obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (ANEXO I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>..

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considérase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6.2. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento.

A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6.3. Comprobación de datos.

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a. Escritura ou documento de constitución e/ou modificación, ou estatutos, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- b. NIF da entidade solicitante
- c. NIF da entidade representante
- d. DNI/NIE da persoa representante
- e. Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social
- f. Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT
- g. Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa Atriga

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

7. Prazo de presentación

O prazo máximo para a presentación das solicitudes será de 7 días naturais a contar dende a propia data de recepción da invitación. A presentación das proposicións por unha vía diferente á sinalada será causa de rexeitamento ou exclusión.

8. Emenda de erros

Finalizado o prazo de presentación da documentación, o órgano instrutor procederá ao exame da documentación xeral presentada en tempo e forma, en función dos requisitos esixidos. Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarllo ás/os interesadas/os a través dos medios sinalados por estes no apartado do Anexo I “datos para efectos de notificación”, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que a Entidade corrixa ou emende os defectos.

Transcorrido este prazo só se valorarán os expedientes das Entidades que cumpran con todos os requirimentos formais e materiais esixidos.

9. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de Notificacións Electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

10. Trámites posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento, deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

11. Transparencia e bo goberno.

Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

A Fundación Deporte Galego publicará na súa páxina web oficial <https://deporte.xunta.gal/gl/areas-de-traballo> a relación das persoas beneficiarias e o importe dos patrocinios concedidos. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Tamén remitirá para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia, dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio ou setembro do ano 2021, en función de cando se formalicen os convenios de patrocinio, unha relación dos que se subscriban referida ao cuadrimestre anterior. Nesta relación sinalarase con claridade o importe dos mesmos, o obxecto do convenio e a persoa ou entidade destinataria.

Así mesmo, a Fundación remitirá copia dos convenios formalizados ao rexistro público de convenios da Xunta de Galicia, segundo o establecido na normativa reguladora deste.

12. Selección e explicación dos criterios de valoración e do procedemento para a asignación dos importes correspondentes a cada un dos convenios.

Co obxecto de garantir unha valoración obxectiva para a asignación dos importes dos convenios, establécense distintos criterios atendendo á calidade deportiva e mediática do equipo de categoría absoluta/senior e ao seu impacto como elemento de referencia para

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

reforzar a loita pola tolerancia, igualdade e non violencia entre a sociedade. A información para a aplicación destes criterios virá dada polas correspondentes certificacións aportadas polas federacións deportivas ou entidades organizadoras das competicións.

O procedemento para determinar o importe do patrocinio de cada Entidade é o seguinte:

12.1. Aplicación dos seguintes criterios a cada equipo que cumpra cos requisitos establecidos nestes pregos:

- 1) Importe fixo en euros segundo puntuación asignada polo nº de licenzas desa modalidade deportiva en España no ano 2019 en todas as categorías, tomando como referencia os datos oficiais do Consello Superior de Deportes, diferenciando as masculinas das femininas. Ata 12.000€ segundo a seguinte táboa:

N.º LICENZAS	1º NIVEL	FIXO €	2º NIVEL	FIXO €
MAIS DE 90.000	100	12.000	50	5.000
DE 40.001 A 90.000	80	11.000	40	4.000
DE 20.001 A 40.000	60	10.000	30	2.000
DE 10.001 A 20.000	50	7.000	20	1.500
DE 5.001 A 10.000	40	6.000	10	1.000
MENOS DE 5.001	20	4.000	5	750

Explicación deste criterio: valorase máis a aquelas entidades de modalidades con maior número de licenzas en España, dado que isto implica un maior número de seguidores practicantes e afeccionados e polo tanto un maior seguimento da presenza publicitaria.

- 2) Xornadas fase regular na tempada 2020/2021 (cando a competición se desenvolva en varios encontros contra o mesmo equipo ou contra equipos diferentes no mesmo día ou en días diferentes na mesma provincia de forma consecutiva, só computará coma unha xornada). Ata 30 puntos segundo a seguinte táboa:

N.º XORNADAS	PUNTOS
30 OU MAIS	30
DE 25 A 29	25
DE 20 A 24	20
DE 10 A 19	15
DE 7 A 9	10

Explicación deste criterio: valorase con maior puntuación ás entidades con equipos participantes en ligas regulares de máis xornadas pola atención mediática que isto suscita.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

- 3) Deportistas participantes do equipo de forma simultánea no espazo de competición. Ata 50 puntos segundo a seguinte táboa:

N.º DEPORTISTAS	PUNTOS
14 OU MAIS	50
DE 11 A 13	40
DE 5 A 10	30

Para a valoración deste criterio tomarase de referencia o regulamento da competición onde se garanta a obrigatoriedade de participación simultánea no espazo de competición dun número de deportistas en cada unha das xornadas que conforman a liga na que participe o equipo obxecto de patrocinio.

Explicación deste criterio: o número de deportistas que compiten de forma simultánea é un criterio que debe diferenciar e valorar en maior medida aquelas modalidades que contan con máis deportistas competindo ao mesmo tempo, dado a dificultade que supón para os clubs a captación e mantemento de deportistas femininas cada tempada.

- 4) Nivel das competicións oficiais europeas/mundiais nas que participa ou participou na tempada 2020/2021. Valoraranse as competicións onde estean representados 5 ou máis países e o seu formato sexa de liguilla regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou en sistema de eliminatorias por sede. Ata 200 puntos segundo a seguinte táboa:

NIVEL DA COMPETICIÓN	PUNTOS
1º MÁXIMO NIVEL COMPET. OLIMP./PARALIMP.	200
1º MÁXIMO NIVEL COMPET. NON OLIMP./PARALIMP.	175
2º MÁXIMO NIVEL COMPET. OLIMP./PARALIMP.	175
2º MÁXIMO NIVEL COMPET. NON OLIMP./PARALIMP.	100

Para competicións onde non estean representados 5 ou máis países e o seu formato non sexa de liguilla regular ou eliminatorias directas con partidos de ida e volta ou sistema de rondas eliminatorias por sede, a valoración deste criterio será de 0 puntos.

Explicación deste criterio: o patrocinio publicitario debe ser máis valorado naquelas entidades que teñan equipos que compitan ou compitan fóra de España, ó chegar ó público doutros países e tendo unha maior presenza nos medios de comunicación de Galicia. A esixencia dun número mínimo de países establécese para garantir que a competición teña representatividade internacional.

- 5) Clasificación final na tempada 2019/2020. Ata 50 puntos segundo a seguinte táboa:

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

Valoraranse os resultados dos equipos que na tempada 2019/2020 participaron en competicións do 1º máximo nivel de categoría absoluta dentro da súa modalidade/especialidade.

	POSTO	PUNTOS
CLASIFICACIÓN FINAL TEMPADA 2018/2019	1º	50
CLASIFICACIÓN FINAL TEMPADA 2018/2019	2º	25
CLASIFICACIÓN FINAL TEMPADA 2018/2019	3º	10

Explicación deste criterio: a presenza nos medios de comunicación e maior cando se trata de equipos que conseguiron estar nos postos máis altos da clasificación.

- 6) Títulos de campión/subcampión en categoría absoluta/senior nos últimos 5 anos (dende a tempada 2015-2016 ata a tempada 2019/2020) se o equipo de categoría senior/absoluto compite ou compiteu na tempada 2020/2021 na 1ª máxima categoría estatal. Ata un máximo de 125 puntos en competicións estatais atendendo á seguinte táboa:

TÍTULOS ESTATAIS	PUNTOS
CAMPIÓN 1ª MÁXIMA COMPETICIÓN	50
CAMPIÓN 2ª MÁXIMA COMPETICIÓN	20
SUBCAMPIÓN 1ª MÁXIMA COMPETICIÓN	30
SUBCAMPIÓN 2ª MÁXIMA COMPETICIÓN	10

Explicación deste criterio: este criterio cada ano ten máis valor porque podemos comprobar que a presenza nos medios de comunicación é maior cando se trata de equipos que conseguiron títulos importantes.

12.2. Unha vez aplicados todos os criterios de valoración e obtida unha puntuación para cada equipo procederase a sumar as puntuacións totais de todos os equipos.

12.3. Seguidamente, divídese o importe total do orzamento sobranste, tras a asignación dos importes fixos do criterio 1, entre o sumatorio de todos os puntos obtidos polos equipos, resultando deste xeito unha valoración económica para cada punto.

12.4. Finalmente, multiplícase o valor do punto polos puntos obtidos por cada equipo nos criterios 2, 3, 4, 5 e 6 resultando o importe por puntos para cada equipo.

12.5. O importe total para cada equipo será o sumatorio do importe fixo do criterio 1 e do importe acadado polos puntos dos criterios 2, 3, 4, 5 e 6.

12.6. No suposto de que algún equipo non aceptara o patrocinio, recalcularanse

PROCEDIMENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

os importes finais dos convenios mediante a nova aplicación do procedemento sinalado anteriormente ao resto dos equipos.

13. Resolución do patrocinio.

O director xerente da Fundación trasladará informe coas cantidades correspondentes a cada entidade segundo os criterios establecidos no Plan ao Padroado da Fundación Deporte Galego para que este resolva.

O prazo máximo para notificar a resolución expresa non poderá exceder dun mes, a contar dende a entrada da solicitude no rexistro electrónico. O vencemento do citado prazo sen que se notifique a resolución expresa, lexítima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude.

14. Aceptación do patrocinio.

Trala resolución dos patrocinios, as entidades patrocinadas, disporán dun prazo de 3 días hábiles a contar desde o mesmo momento da publicación da resolución para aceptar o patrocinio. Se neses 3 días hábiles non hai pronunciamento, enténdese ACEPTADO.

15. Formalización do patrocinio.

Os convenios asinaranse pola Fundación con cada unha das entidades. As entidades que contén con máis dun equipo patrocinado, deberán formalizar un convenio por cada un.

16. Fórmula de pago.

O importe de cada convenio será abonado pola Fundación en dous prazos:

O 80% do importe unha vez asinado o convenio, recibida a correspondente declaración responsable e xustificación gráfica (Anexo II) do cumprimento das obrigas e de ter listos os soportes necesarios para a súa utilización nas accións publicitarias previstas no apartado 4.1. do plan (traseira de prensa e/ou roller, logos en web e redes sociais, 2 lonas de Xunta de Galicia/Deporte Galego e 2 lonas da Consellería de Emprego e Igualdade) e presentada, a través do Sistema Electrónico de Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade de conformidade coa Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar "Primeiro pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia para o ano 2021 (80%)".

O 20% restante aboarase a partir do 15.12.2021, unha vez rematadas todas as actividades e competicións do exercicio 2021 e unha vez presentada, a través do Sistema Electrónico de

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

Facturación da Comunidade Autónoma de Galicia https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/, a correspondente factura emitida pola Entidade con data obrigada de 15.12.2021, acompañada da correspondente declaración responsable e xustificación gráfica (Anexo III) do cumprimento das obrigas e da realización das accións publicitarias previstas no apartado 4.1. do plan. Asemade, deberá acompañar declaración responsable das axudas solicitadas ás distintas administracións públicas competentes ou a entidades privadas (Anexo IV), con indicación das concedidas ou pendentes de resolución, e de que os ingresos obtidos con motivo da actividade patrocinada (transmitir contidos relacionados coa loita pola tolerancia, igualdade e non violencia de xénero no deporte e na vida) non xeraron superávit ou, en caso contrario, informando de cal é ese excedente ao fin de proceder á redución do importe final a pagar na contía que exceda o equilibrio entre ingresos e gastos da actividade patrocinada. Finalmente, será necesario tamén a correspondente conformidade da Fundación Deporte Galego. No concepto da factura farase constar “Segundo pago do convenio de patrocinio formalizado entre a Fundación Deporte Galego e a Entidade ao abeiro do Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia para o ano 2021 (20%)”.

A data límite para presentar toda a documentación relativa aos dous prazos de xustificación e pagamento será o 31 de decembro de 2021. En caso de non ter presentada a documentación nesta data, perderán o dereito ao cobro das cantidades pendentes.

Os anexos II, III e IV relativos ás declaracións responsables e xustificacións gráficas dos prazos previstos neste apartado están dispoñibles na sede electrónica para o procedemento DE400C. Para a súa presentación, utilizaranse os medios electrónicos accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia e utilizando os modelos normalizados para facilitar a realización dos trámites, indicando o código DE400C e o órgano responsable do procedemento (FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO), o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

17. Penalizacións.

As entidades patrocinadas están obrigadas ao estrito cumprimento das obrigas adquiridas en virtude do convenio suscrito coa Fundación e do Plan de patrocinio que lle serve de base, véndose tamén obrigadas a comunicar de forma inmediata á Fundación calquera circunstancia que afecte ao exacto cumprimento das prestacións ás que se obriga.

Se o incumprimento das obrigas vén motivado pola desaparición da entidade a entidade perderá o dereito ao cobro das cantidades pendentes de abono, procedéndose ademais á resolución automática do convenio. Atendendo ás causas, ao momento en que se produza o incumprimento e ao volume de obrigas incumpridas, a Fundación poderá acordar a procedencia do reintegro, total o parcial, do importe pagado.

Nos supostos de incumprimento motivados pola imposibilidade da entidade de cumprir coas obrigas publicitarias contraídas coa subscripción do convenio, á Fundación poderá optar por outras alternativas publicitarias diferentes ás inicialmente acordadas ou pola redución proporcional do patrocinio, podéndose derivar nestes supostos a procedencia do reintegro do

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

importe pagado en exceso se, efectuado algún pago antes do incumprimento, o novo patrocinio resultante fora inferior ao inicialmente acordado.

Nos restantes supostos de incumprimento das obrigas por causas imputables ao beneficiario do patrocinio, a Fundación acordará a procedencia do reintegro, total ou parcial, segundo proceda, do importe pagado.

18. Causas de resolución dos convenios de patrocinio.

Serán causas de resolución as seguintes:

- Obtención do patrocinio falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Incumprimento total do proxecto que fundamenta a formalización do convenio.
- Se o equipo obxecto do patrocinio abandona a competición antes de calquera dos prazos de pago ou desaparece a entidade.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación que efectúe a Fundación en relación ao cumprimento do establecido no correspondente convenio e neste Plan.
- Resultar inviable a realización de todas as actuacións descritas neste Plan por causas non imputables ás Partes.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita anti-dopaxe, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose en todo caso a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade e todos os seus membros (directivos, corpo técnico, deportistas, etc....) obríganse a cumprir coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita anti-dopaxe en orde á permanente localización e sometemento das deportistas aos controis antidopaxe que ditas autoridades consideren oportuno establecer, tanto dentro como fóra de competición.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros das normas fixadas polas autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose en todo caso a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio. A Entidade fará todo o que estea nas súas mans para garantir que todas/os as/os súas/seus directivas/os, socias/os, abonadas/os, corpo técnico, deportistas, etc.... cumbran coa máxima dilixencia as instrucións e os requirimentos das autoridades en materia de loita contra a violencia no deporte.
- Calquera incumprimento da Entidade e dos seus membros da normativa en materia de protección integral contra a violencia de xénero, poderá ser considerado como falta moi grave, reservándose en todo caso a Fundación o dereito á resolución unilateral do convenio.

En caso de que un incumprimento sexa calificado como falta moi grave a Fundación terá dereito non soamente á resolución do convenio senón tamén á reclamar á entidade conveniente unha indemnización polos danos que o incumprimento, ben da propia entidade, ben dos seus membros, ocasione á Fundación e a Secretaría Xeral da Igualdade.

PROCEDIMIENTO DE400C

Plan de Patrocinio dos Equipos de Alta Competición Femininos de 1º e 2º Máximo Nivel Estatal de Galicia 2021

A estes efectos, no caso de producirse un incumprimento dos tres últimos supostos enumerados neste apartado (loita anti dopaxe, violencia no deporte ou violencia de xénero), a Fundación Deporte Galego, previa realización das comprobacións e trámites que sexan precisos, se pronunciará motivadamente sobre a súa calificación como falta moi grave así como sobre a procedencia ou improcedencia de resolver o convenio e, no seu caso, de reclamar a correspondente indemnización de acordo co indicado no párrafo anterior.

19. Actuacións de control por parte da Fundación.

As entidades que formalicen o convenio ou convenios de patrocinio, deberán facilitar toda a información solicitada e someterse ás actuacións de comprobación que leve a cabo a Fundación Deporte Galego, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto galegos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións correspondentes.